bases

Tema:
Situacións que reflictan o traballo das mulleres en calquera eido.

Participantes:
Poderán participar todas as persoas que o desexen, sexan profesionais ou afeccionados, cun máximo de tres fotografías por persoa, non podendo acumular máis de un premio un só participante.

Formato:
As fotografías serán orixinais e non premiadas noutros concursos. Poden ser en branco e negro ou en cor, cun tamaño mínimo de 20 x 30 cm.
As fotografías presentaranse sen montar, sen paspartú, marco nin cristal. E sen datos persoais que poidan identificar á persoa autora. Aquelas fotografías nas que apareza unha persoa identificable, deben contar co consentimento da persoa retratada. O xurado pode requirir este consentimento por escrito.

Prazo e lugar de presentación:
As fotografías presentaranse na Casa do Concello en horario de 09:00 a 14:00 horas, ata o 18 de febreiro de 2010.

Forma de presentación:
Entregarase cada fotografía de forma independente en sobre pechado, coa indicación "III Concurso de fotografía A Muller Traballadora". As normas a cumprir son as seguintes: no reverso da fotografía figurará o título da obra e no interior figurarán nome e apelidos, enderezo, teléfono e fotocopia do DNI.

Establécense os seguintes premios:
1º premio: 300 €, 2º premio: 200 € e 3º premio: 100 €

Xurado:
- O xurado será o Consello Local da Igualdade.
- O fallo do xurado comunicarase ás persoas interesadas o 20 de febreiro.
- Os premios entregaranse no marco dos Premios Meca da Igualdade.

Destino das obras:
- O Concello do Grove resérvase todos os dereitos de propiedade e uso das fotografías, citando sempre o nome do/a autor/a.
- A fotografía gañadora será empregada na campaña do Día Internacional da Muller Traballadora.
- Todas as fotografías presentadas a concurso serán expostas ao público no mes de marzo. Si a cantidade de obras recibidas excedera o número máximo para a súa exhibición, realizarase unha selección previa.

Varios:
- A participación neste concurso implica a plena aceptación das presentes bases e a resolución pola organización de calquera eventualidade non contemplada nas mesmas.